

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CREACIÓN DA CÁTEDRA INSTITUCIONAL "SAÚDE AMBIENTAL".

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade asinou coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o 05.04.2024 o convenio arriba referido. O convenio terá unha vixencia de catro anos desde o día seguinte ao da súa sinatura podendo ser prorrogado por acordo expreso das partes, por un período máximo de catro anos, respectando os límites previstos no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Que o instrumento convencional asinado ten por obxecto a formalización da creación da "*Cátedra Institucional de Saúde Ambiental* ", de acordo co Regulamento de Creación e Réxime de Funcionamento das Cátedras Institucionais da Universidade de Santiago de Compostela aprobado o 7 de febreiro de 2020. A cátedra creada a través do convenio asinado, enténdese como foro para a execución de actividades docentes, académicas e investigadoras afectas a un campo do coñecemento como é a especialización nos factores ambientais que teñen incidencia sobre a saúde da poboación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio asinado fundaméntase no seguinte:

A Dirección Xeral de Saúde Pública, a través da Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde correspóndelle a aplicación e a execución das directrices de fomento de estilos de vida saudables e a coordinación das actividades de promoción e educación para a saúde.

Así, dende o Servizo de Saúde Ambiental tense que:

- Planificar, programar, seguimento e avaliación (verificación da eficacia) das actividades no marco da protección da saúde fronte aos riscos físicos, químicos e biolóxicos asociados a factores ambientais. Así mesmo, correspóndelle a difusión da información relacionada coas ditas actividades.

Polo tanto a Dirección Xeral de Saúde Pública ten entre os seus obxectivos a prevención, promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega e o desenvolvemento de programas en materia de saúde pública. Dentro deste ámbito considerase fundamental:

- O estudo do impacto na saúde impacto na saúde da exposición da poboación galega aos factores ambientais con repercusión na saúde pública, tanto en espazos interiores coma exteriores, dentro do ámbito poboacional e laboral.
- A promoción de propostas de proxectos transversais e interdisciplinares para o fomento da investigación de excelencia entre a saúde pública e outras áreas de coñecemento.
- A avaliación das percepcións e do nivel nivel de coñecemento sobre os factores ambientais e os seus riscos no público xeral a través da información dispoñible ou a través de estudos que se poidan desenvolver.
- A identificación activa de novos riscos, factores emerxentes ou contaminantes ambientais, que poidan implicar un risco para a saúde e propoñer a súa incorporación aos sistemas de vixilancia de saúde pública.
- A realización de cursos seminarios, conferencias e cantas actividades académicas redunden na difusión, o coñecemento e a práctica da saúde ambiental e da epidemioloxía ambiental.

O Consello de Goberno da USC, na sesión ordinaria celebrada o 7 de febreiro de 2020, aprobou o Regulamento de Creación e Réxime de Funcionamento de Cátedras Institucionais da USC e o modelo tipo de convenio de colaboración para a creación de cátedras institucionais. Tal e como se recolle no seu preámbulo: *"De acordo co disposto no artigo 2.2 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades entre as atribucións e competencias propias da autonomía universitaria figuran a creación de estruturas específicas que actúen como soporte da investigación e da docencia, así como o establecemento de relacións con outras entidades para a promoción e o desenvolvemento dos seus fins institucionais. Na mesma idea insiste o artigo 17.6 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia (SUG), que se refire á posibilidade de cooperación das universidades con organismos públicos de investigación e con empresas, entre outras opcións previstas para un mellor servizo á sociedade.*

*No marco da formación, investigación e transferencia de resultados no sistema universitario, o artigo 64 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, dispón que as Universidades potenciarán as súas funcións de investigación básica e aplicada de transferencia do coñecemento á sociedade, para a mellora do benestar e a competitividade, mediante o desenvolvemento de proxectos e iniciativas de colaboración co sector produtivo.*

*Esta colaboración poderá levarse a cabo mediante calquera instrumento admitido polo ordenamento xurídico, entre eles a creación de cátedras-empresa (art. 64.2, letra e, Lei 2/2011).*



*Baixo a denominación xenérica de Cátedras Institucionais, a USC vén desenvolvendo desde hai moito tempo relacións de colaboración con empresas e outras entidades, tanto públicas como privadas, que dentro da súa heteroxeneidade conflúen no propósito común de que as actuacións desenvolvidas redunden non só en beneficio da comunidade universitaria, senón tamén das propias empresas e entidades patrocinadoras das cátedras."*

O Regulamento de Creación e Réxime de Funcionamento das Cátedras Institucionais da USC establece, no seu artigo 3, o procedemento de creación das cátedras institucionais e, no seu artigo 4, indica que para a creación das cátedra é necesario un acordo de aprobación do Consello de Goberno da USC e establece tamén o contido mínimo que debe incluír o convenio no que se formaliza a súa creación.

A Consellería de Sanidade e a USC conscientes de que tiñan obxectivos coincidentes e complementarios, consideraron xustificada a formalización dun convenio para creación dunha "*Cátedra Institucional de Saúde Ambiental*" que fomente a docencia, investigación e difusión dos coñecementos no campo da promoción da saúde.

O consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 8 de febreiro de 2024, autorizou a celebración do convenio para a creación da "*Cátedra Institucional de Saúde Ambiental*".

Pola súa parte, o Consello de Goberno da USC, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 21 de marzo de 2024, aprobou a proposta de creación da "*Cátedra Institucional de Saúde Ambiental*".

Para o financiamento do convenio está previsto un crédito de cen mil euros (100.000,00 €), dos cales 25.000,00 € financiaranse con cargo á partida orzamentaria 12.02.413A.640.3 (código de proxecto 201500443) dos orzamentos da Consellería de Sanidade - Dirección Xeral de Saúde Pública para o ano 2024; 25.000,00 con cargo aos ditos orzamentos para o ano 2025; 25.000,00 € con cargo aos do ano 2026 e 25.000,00 € con cargo aos do ano 2027, condicionado, polo que respecta ás tres últimas anualidades, á existencia de crédito axeitado e suficiente nos ditos orzamentos.

Pola súa parte, a USC contribuirá ao mantemento da Cátedra cunha una achega en especie cuantificada nunha cantidade equivalente á achega da Consellería de Sanidade, que se materializará coa achega da infraestrutura necesaria para a súa realización, na que incluír áulas e salas adecuadas, material bibliográfico e bases de datos, espazos web, materiais didácticos e informativos, material informático e audiovisual e outros que se precisen.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza



estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do devandito convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

